# Primeiros pasos con Microsoft Forms

Guía rápida para a creación de formularios e cuestionarios

Versión 1.1

# Proceso xeral para a creación dun cuestionario

1. Creación do cuestionario ou formulario.
2. Configuración das opción globais.
3. Incorporación e configuración das preguntas.
4. Previsualización.
5. Envío da ligazón de acceso aos participantes.
6. Revisión e publicación dos resultados

# Paso 1: Creación do cuestionario

- Acceso ao Office 365: https://nube.usc.gal
- Acceso a Microsoft Forms desde a lista de aplicacións dispoñibles.
- Creación dun Formulario ou Cuestionario segundo as necesidades particulares:
  - Cuestionario: para realizar probas de avaliación.
  - Formulario: para realizar enquisas, sondaxes ou recompilar datos.
- Os cuestionarios e formularios son independentes entre si, cada un almacena as preguntas e respostas correspondentes.



# Paso 2: Configuración das opción globais




Vista previa do cuestionario

Compartir o cuestionario cos estudantes e acceso á configuración do mesmo

Edición de preguntas

Revisión de resultados

Título e descripción do cuestionario

Incorporación de novas preguntas

Tipos de preguntas dispoñibles

**Nota:** o tipo "Sección" permite paxinar as preguntas introducindo *saltos de páxina* (seccións) entre as preguntas

# Paso 2: Configuración das opción globais




Acceso ás opción adicionais

Limita o acceso aos resultados ata que se publiquen as respostas

Restrinxe o acceso a usuarios con credenciais USC e permite almacenar o nome e correo dos participantes. É posible limitar o número de intentos dispoñibles

Permite configurar se o cuestionario acepta ou non restas e a franxa horaria en que estará aberto

Permite barallar as preguntas, que se presentarán nunha orde diferente para cada participante

Permite habilitar notificación por correo para os estudantes e/ou docentes cada vez que se complete o cuestionario

# Paso 3: Incorporación e configuración das preguntas



# Paso 3: Incorporación e configuración das preguntas

**Nota:** activado a opción “Resposta larga” a pregunta debe ser avaliada manualmente. Do contrario, para ser válida a resposta do estudante debe coincidir exactamente (exceptuando maiúsculas e minúsculas) coas posibles respostas indicadas.




**Pregunta tipo: Texto**

Enunciado

Respostas correctas (só no caso de non activar a opción “Resposta longa”)

Puntuación da pregunta

Duplicar, eliminar ou desprazar arriba e abaixo esta pregunta

Incorporación de imaxes ao enunciado

Habilita respostas de texto libre nun cadro de texto máis amplo

Resposta obrigatoria

# Paso 3: Incorporación e configuración das preguntas

**Nota:** este tipo de pregunta unicamente está dispoñible se o cuestionario se configura de forma que “só as persoas da miña organización poden responder”. Ver **Paso 2** para máis detalles.

**Nota:** ademais de poder consultarse na lapela “Respostas”, os arquivos almacenaranse no OneDrive do creador do cuestionario, no cartafol “Ficheiros > Aplicaciones > Microsoft Forms”



# Paso 4: Previsualización













**Nota:** A previsualización da proba permite realizar un simulacro nas mesmas condición en que o realizarán os participantes, incluíndo a revisión dos resultados.



# Paso 5: Envío da ligazón de acceso aos participantes




Acceso ás opción para compartir

Limita o acceso unicamente a usuarios con credenciais da USC

Xera unha ligazón de acceso ao cuestionario para compartir cos participantes, que se enviará por correo electrónico, a través do Campus Virtual ou outras canles de comunicación.

Permite obter una ligazón de acceso con permisos de edición, por exemplo para compartir o cuestionario con outro docente e crealo de forma conxunta.

# Paso 6: Revisión e publicación dos resultados




Acceso ás respostas

Indica se acepta ou non máis respostas, ver Paso 2 para máis detalles

Permite revisar as respostas de cada un dos participantes de forma detallada e avaliar aquelas preguntas que requiran cualificación manual (p. ex. Texto ou Carga de ficheiros)

Permite publicar os resultados e facelos visibles aos participantes

Permite exportar os resultados actuais a unha folla de cálculo (de haber novas respostas será necesario volver a exportar os resultados)

# Paso 6: Revisión e publicación dos resultados

## Revisar respostas

Alterna entre as vistas de revisión dos resultados dun participante concreto ou as respostas de todos os participantes para unha pregunta concreta

Permite navegar adiante/atrás nos participantes ou preguntas




Información xeral para o participante seleccionado

Espazo para incluír comentarios que serán visibles para o participante seleccionado e puntuación acadada, que se pode modificar manualmente para todas as respostas

**Nota:** No caso de preguntas como os tipos Texto ou Carga de ficheiros requirirase avaliación manual.

# Paso 6: Revisión e publicación dos resultados

## Publicar puntuacións

Alterna entre as vistas de revisión dos resultados un participante concreto ou as respostas de todos os participantes para unha pregunta concreta

Permite seleccionar os participantes que poderán acceder aos resultados




Publica as puntuacións e os comentarios de avaliación para os participantes seleccionados

Debe prestarse especial atención a que todas as preguntas que requiran avaliación manual estean resoltas, do contrario obteremos o aviso “Sen cualificar”

**Nota:** os participantes accederán ao resultados a través da mesma ligazón que usaron para realizar o cuestionario

# Aspectos importantes

- É importante verificar que a configuración global do cuestionario ten habilitadas as **datas de inicio e peche** e que este **acepta respostas**.
- Os participantes deberán **enviar** expresamente o cuestionario **antes da data e hora límite**. Do contrario as repostas non serán recibidas.
- **O progreso do cuestionario non se almacena**. Se a conexión se interrompe indefinidamente ou se produce un erro que obrigue a reiniciar o navegador ou o ordenador, as respostas introducidas perderanse.
- Se o cuestionario non está configurado para **amosar** automaticamente **os resultados** debe recordarse facelos públicos para os participantes. Usarán a mesma ligazón de acceso empregada para realizar o cuestionario.
- O sistema non ofrece solucións a **cuestións críticas** como a verificación da identidade do estudante, que este poida acceder a material externo (teléfonos, ordenadores, Internet, etc.) ou que contacte con outras persoas mentre realiza o cuestionario.

# Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe

Universidade de Santiago de Compostela

http:// https://www.usc.gal/ceta

CC-BY-NC-ND